

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 27 de febreiro de 2018

### Asistentes:

#### *Equipo decanal:*

Bergareche Gros, Almudena  
Jiménez Alemán, Ángel Aday  
Movilla Pateiro, Laura  
Torres Pérez, Francisco José  
Noriega Rodríguez, Lydia  
Pazos Pérez, Alexandre

#### *PDI A:*

Aneiros Pereira, Jaime  
Arias, María Antonia  
Caballero Fernández, Gloria  
Cal Bouzada, María Isabel  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Acevedo, Rafael  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Fernández Docampo, María Belén  
Ferrero Martínez, María Dolores  
García Gestoso, María Noemi  
García Mosquera, Marta  
Grande Seara, Pablo  
Lovería Pazó, Rosa María  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Pillado González, María Esther  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Domínguez, María del Mar  
Ruiz Hidalgo, Carmen  
Valcárcel Fernández, Patricia

#### *PDI B:*

Barreiro Carril, M.ª Cruz  
Vázquez Iglesias, María Dolores

#### *Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:*

Fernandéz Romero, Daniel  
Fragueiro Gargamala, Andrea  
Laurencja Plaga, Karolina  
López Iglesias, Ángela  
Martín Sevillano, Koldo  
Rivera González, Paula  
Rodríguez Martínez, Óscar  
Farto Piay, Tomás  
Riquelme Vázque, Pablo

#### *PAS*

Barreira Barazal, Rosa  
Erias Pérez, Jesús

### Escusan a súa ausencia:

Ibáñez Paz, Regina  
Louredo Casado, Sara  
Manzano González, Baltasar  
Martínez Táboas, María Teresa  
Moldes Portela, Alba Victoria  
Pita Grandal, Ana  
Rodríguez Rodríguez, Emma  
Taboas Martínez, Teresa  
Trigo Gómez, Pilar

O 27 de febreiro de 2018, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 13:12 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte:

## **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 21 de decembro de 2017.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación se procede, da modificación de criterios de elaboración de POD do Mestrado de Avogacía para o curso 2018/2019.
4. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Dereito para o curso 2018/2019.
5. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2018/2019.
6. Aprobación, se procede, da PDA para o PCEO ADE-Dereito para o curso 2018/2019.
7. Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito para o curso 2018/2019.
8. Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT para o curso 2018/2019.
9. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2018/2019.
10. Aprobación, se procede da memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2017.
11. Aprobación, se procede do orzamento da Facultade do exercicio 2018.
12. Aprobación, se procede, do Informe de revisión do sistema pola dirección e informe de resultados anual do centro 2016/2017.
13. Aprobación, se procede, da proposta da Normativa interna de mobilidade internacional.
14. Aprobación, se procede, da reimplantación do Mestrado en Dereito de Empresa para o curso 2018-2019.
15. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación do Mestrado en Dereito de Empresa.
16. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros das Comisións da Facultade.
17. Rolda aberta de intervencións.

- 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 21 de decembro de 2017.**

Koldo Martínez, representante de alumnado, advertiu un erro na Comisión de recoñecementos e validacións. En lugar do estudante Daniel Durán Chapela foi nomeado el.

Apróbase por unanimidade.

## **2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana traslada que Baltasar Manzano González, Pilar Trigo Gómez, Emma Rodríguez Rodríguez, Ana Pita Granal, Teresa Martínez Taboas, Sara Louredo Casado, Alba Moldes Portela e Regina Ibañez Paz escusaron a súa ausencia.

A Decana informa que se contratou unha empresa para purgar documentos. Tamén, procedeuse á instalación de vinilos en todos os cristais do bloque A. A Decana manifesta o seu compromiso para realizar unha instalación progresiva en todos os bloques. Tamén se vai a proceder a substituír a alfombra da rampla que une a Facultade coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais por unha superficie de caucho. Continuouse coa substitución de luminarias por *led*, transformouse o espazo A-302 nunha aula e dotouse con novo mobiliario ás Aulas A 101 e A 102.

A Decana afirma que se procederá nos seguintes días a facer pública a próxima convocatoria das xornadas de internacionalización.

Finalmente, a Decana comunica os resultados do programa *Docentia* sobre titulacións de grao e posgrao para o curso 2015/2016.

## **3. Aprobación se procede, da modificación de criterios de elaboración de POD do Mestrado de Avogacía para o curso 2018/2019.**

A Decana, tras aclarar que a proposta procede da Comisión Académica do Mestrado, cede a palabra á profesora María Antonia Arias, coordinadora do Mestrado. A profesora lembra que esta proposta foi incluída no Informe de dirección, e que a razón fundamental da ampliación das categorías do profesorado que pode impartir docencia no Mestrado é as dificultades das áreas para atopar profesorado que poida asumir a docencia.

A Coordinadora afirma que nas universidades da nosa contorna xa participan profesorado axudante doutor e asociado.

Apróbase por unanimidade.

## **4. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Dereito para o curso 2018/2019.**

A Decana expón os cambios, menores, introducidos na proposta de PDA con respecto ao ano pasado. Tentouse aumentar a oferta de materias en inglés, o Vicerreitorado non o permitiu. A Decana comprométese a continuar expondo esta reivindicación. A alumna Karolina Laurencja intervéñ manifestando o interese do alumnado nestas materias e o motivo do rexeitamento ao aumento da oferta. A Decana explica que o Vicerreitorado baseou a súa decisión en cuestións orzamentarias.

Apróbase por unanimidade.

**5. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2018/2019.**

A Decana expón sucintamente a proposta de PDA enviada. O próximo curso actívase o cuarto curso do novo plan. A Decana propón que se cre un grupo práctico máis nas materias con maior número de repetidores: Estatística e Contabilidade de empresas.

Apróbase por unanimidade.

**6. Aprobación, se procede, da PDA para o PCEO ADE-Dereito para o curso 2018/2019.**

A Decana explica que a proposta de PDA do PCEO ADE- Dereito non se puido enviar porque aínda non se puido acordar co Vicerreitorado. A proposta deste Decanato é un grupo teórico e dous prácticos en todas as materias.

Apróbase por unanimidade a delegación na Comisión Permanente da aprobación da PDA definitiva do PCEO ADE- Dereito.

**7. Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito para o curso 2018/2019.**

A Decana propón os mesmos límites que estiveron vixentes para o curso 2017/2018 para o Grao en Dereito así como para o Grao en Relacións laborais e recursos humanos: 10 por recoñecemento de 30 créditos ECTS, destas 10 ata 5 poderán ser para traslado de universidades estranxeiras, e 10 para cambio de centro.

Para o PCEO ADE-Dereito propónse 1 por recoñecemento de 30 créditos ECTS e 1 por traslado de centro.

Apróbase por unanimidade.

**8. Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT para o curso 2018/2019.**

Propónse a continuidade dos profesores actuais, incluíndo ao profesor Francisco Torres Pérez.

Apróbase por unanimidade.

**9. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2018/2019.**

A Decana explica os detalles da proposta. O Vicerreitorado realizou unha nova redución da bolsa de horas, a pesar diso conseguíronse 4 horas. Explica os descontos.

A Vicedecana Lydia Noriega incide nas aclaracións e lembra que o desconto por participar no PAT prodúcese ao curso seguinte.

O Vicedecano Francisco Torres ofrece a coordinación das prácticas curriculares e extracurriculares.

Apróbase por unanimidade.

**10. Aprobación, se procede da memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2017.**

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Francisco Torres quen explica os elementos máis relevantes da memoria.

Apróbase por unanimidade.

**11. Aprobación, se procede do orzamento da Facultade do exercicio 2018.**

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Francisco Torres quen describe as lixeiras variacións que se propoñen con respecto ao orzamento do exercicio anterior.

Apróbase por unanimidade.

**12. Aprobación, se procede, do Informe de revisión do sistema pola dirección e informe de resultados anual do centro 2016/2017.**

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Alexandre Pazos, quen sinala as correccións que se realizaron desde o seu envío aos membros da Xunta de Facultade. Expuxéronse melloras na coordinación con Ourense, así como medidas para incentivar a participación en *Docentia* e nas enquisas.

Apróbase por unanimidade, con delegación de inclusión de correccións e melloras no Vicedecano Alexandre Pazos.

**13. Aprobación, se procede, da proposta da Normativa interna de mobilidade internacional.**

A Decana, antes de ceder a palabra á Vicedecana Laura Movilla, lembra que esta proposta foi aprobada previamente na Comisión de relacións internacionais e institucionais.

Laura Movilla sinala os cambios que se introduciron na normativa: cambios terminolóxicos pola implantación dos actuais plans de estudo; adoptouse un criterio ponderado para a adxudicación de prazas; na valoración do coñecemento de idiomas vai ter en conta cursar materias en inglés. Tamén se introduciron os criterios para a elaboración do contrato de estudos, que antes eran acordos da comisión e actualizouse o apartado 3 recoñecemento de cualificacións.

A alumna Karolina Laurencja ofrece a posibilidade de asinar máis convenios de intercambio con universidades polacas.

Apróbase por unanimidade.

#### **14. Aprobación, se procede, da reimplantación do Mestrado en Dereito de Empresa para o curso 2018-2019.**

A Decana explica que a proposta procede da Comisión Académica do Mestrado e cede a palabra ao profesor Luís Muleiro, secretario do Mestrado.

O profesor Luis Muleiro sinala que a Comisión Académica do Mestrado reuniuse onte e lembra que o Mestrado superou o procedemento de acreditación por parte da ACSUG.

Apróbase por unanimidade.

#### **15. Aprobación, se procede, da declaración de interés para a modificación do Máster en Dereito de Empresa.**

A Decana le a proposta que se remitiu ao Decanato.

Intervén o profesor Luis Muleiro, quen lembra que a manifestación de interese en prazo é requisito para a modificación do título de Mestrado. En concreto, a memoria establece que un 50% do profesorado serán profesionais de recoñecida competencia. Este criterio non é sustentable, non se atopou financiamento durante estes dous anos e tampouco un mellor recoñecemento para o profesorado académico.

A continuación intervén a Decana. Afirmar que o Decanato apoia este máster, pero incide na falta de concreción do contido do posible convenio con IESIDE, que en calquera caso supoñerá o traslado do Máster ata agora impartido na nosa Facultade a outro centro.

A profesora Carmen Ruiz, como coordinadora do Mestrado o curso pasado, afirma que esta proposta non supón un gran problema dado que non é un cheque en branco. Sinala que en todo caso o Mestrado vai quedar baixo a tutela da súa Comisión Académica e insiste que a decisión ha de tomarse neste momento polos prazos. Nega que supoña unha privatización do título, senón que o obxectivo é impartir un Mestrado de calidade sen que se reduza a presencialidade.

O profesor Luis Muleiro adhiérese ao devandito pola profesora Carmen Ruiz, aclara nos motivos da proposta e insiste en pedir que se lle dea trámite.

A profesora Patricia Valcárcel xustifica a presa desta decisión ante o risco de extinción, recordo que os bufetes retirarían o seu apoio nas condicións actuais e defende que se introduza no convenio a posibilidade de incorporar modificacións futuras. Considera que esa declaración de interese non vincula á Facultade a unha decisión concreta no futuro, pero si que cerna o futuro da Facultade non ter unha declaración de interese.

O profesor Pablo Fernández reconece que o Mestrado é inviable neste momento e interpela á procura de opcións, de modo que a declaración de interese sexa aberta, permitindo diferentes configuracións. Insiste en que existen novas posibilidades que non estritamente supoñen a colaboración con IESIDE.

A continuación interveñen os profesores Patricia Valcárcel, quen considera que a proposta do profesor Pablo Fernández dificulta a solución para o Mestrado e os profesores Luis Muleiro e Carmen Ruiz, quen insiste en que esta opción é manéxala pola Comisión Académica do Mestrado.

O profesor Pablo Fernández contesta lembrando as posibilidades que se abren pola renovación do equipo reitoral.

Intervén a Decana reafirmando o interese en que este Mestrado siga estando na Facultade, título que foi defendido como estratéxico polo equipo decanal durante o seu proceso de acreditación. O profesor Pablo Fernández reincidente na conveniencia desta opción.

O alumno Koldo Martínez afirma que existe pouca oferta académica de posgrao, e aínda menos que sexa de calidade. Quéixase de que se trasladou a última hora e sen información suficiente

A profesora Carmen Ruiz declara que este feito non foi froita da aleivosía, senón da complexa tramitación.

O alumno Daniel Fernández insiste na conveniencia de adoptar unha declaración de interese aberta, que non determine a colaboración con IESIDE.

O profesor Luis Muleiro afirma que se realizaron xestións durante os anteriores cursos académicos e que a única que se materializou é a cooperación con IESIDE.

O profesor Pablo Fernández propón que se condicione a declaración de interese a que se acredite documentalmente o fracaso das futuras xestións oportunas para garantir a viabilidade do Mestrado.

A profesora Carmen Ruiz acepta a proposta, denuncia a falta de confianza que se mostrou e afirma que nunca se expuxo que o Mestrado deixase de ser público.

Apróbase por unanimidade a declaración de interese para a modificación do Mestrado en Dereito de Empresa, condicionada a que se acredite documentalmente o fracaso das futuras xestións oportunas para garantir a viabilidade do Mestrado.

## **16. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros das Comisións da Facultade.**

Propónse á profesora María Vázquez en substitución da profesora Teresa Estévez como membros das Comisións de recoñecementos e validacións e de biblioteca e extensión universitaria.

Apróbase por unanimidade.

## **17. Rolda aberta de intervencións.**

O profesor Pablo Fernández agradece o interese e a participación do alumnado no debate sobre o punto 15 da orde do día.

A alumna Paula Rivera denuncia como demagóxica a pretensión de que suban as taxas dos programas de mestrado. Considera que as reivindicacións ten que dirixirse cara ao aumento do orzamento para educación e das bolsas.

O alumno Daniel Fernández solicita unha valoración sobre a folga convocada para o 8 de marzo e a instalación dun micro-ondas na delegación de alumnos.

A Decana, en relación coa folga do 8 de marzo, afirma o seu apoio a todas as propostas que impliquen a loita pola igualdade.

Remata a sesión as 15:33 horas, do que como secretario dou fe.